

VI LIGA GALEGA DE TRAIL-O 2026

NORMAS ANUAIS FEGADO

(En vermello, cambios aprobados na Asemblea Xeral Técnica de 22 de novembro e Asemblea Xeral de 13 de decembro de 2025)

ÍNDICE

1. DENOMINACIÓN.....	2
2. ORGANIZACIÓN	2
3. INSCRICIÓNS.....	2
4. CATEGORÍAS (ver Anexo 1).....	3
5. ENTRENOS EN MAPAS DE COMPETICIÓN	4
6. RANKING INDIVIDUAL DA LIGA GALEGA 2026	4
7. CLASIFICACIÓN INDIVIDUAL.....	7
8. CLASIFICACIÓN DA LIGA DE CLUBS	7
9. PUBLICACIÓN DE RESULTADOS.....	7
10. ENVÍO DE RESULTADOS Á SECCIÓN DE RANKING	8
11. XURADO TÉCNICO	8
12. SUSPENSIÓN DE PROBAS	9
13. RECLAMACIÓNS	9
14. DISPOSICIÓN FINAL.....	9
ANEXO 1. CATEGORÍAS E COTAS E ACORDOS VIXENTES TEMPADA 2026.....	10
ANEXO 2a. CALENDARIO da V LIGA GALLEGA TRAIL-O	11
ANEXO 2b. DATAS AUTORIZADAS PARA MODIFICACIÓNS DO CALENDARIO (DAMC) por delegación da Asemblea Xeral de 13 de decembro de 2025.....	11
ANEXO 3. MARCO NORMATIVO SOBRE AUTORIZACIONES.....	12
ANEXO 4. MODELO SOLICITUD CERTIFICACIÓN FEDERATIVA.....	16

1. DENOMINACIÓN

VI Liga Galega de Trail-O, tempada **2026**.

2. ORGANIZACIÓN

A organización da Liga Galega de Trail-O estará a cargo da Federación Galega de Orientación (FEGADO). As competicións oficiais federadas serán organizadas pola Federación de forma directa ou mediante adxudicación a calquera entidade deportiva ou persoa física ou xurídica.

3. INSCRICIÓNS

3.1. As inscricións de persoas deportistas serán realizadas **a través dos clubs** ós que pertencen os/as participantes, con indicación do nome, apelidos, categoría, e número de licenza federativa e de dorsal na Liga. A falla de calquera destes datos fará a inscrición nula. Os clubs terán que utilizar o **formulario oficial** de inscricións que lle facilitará a FEGADO.

Cada corredor e corredora con licenza federativa en vigor para a tempada **2026**, disporá dun **dorsal oficial** para toda a Liga, que será obrigado levar visible no peito nas probas en que participe. Como excepción, a Dirección Técnica da FEGADO poderá autorizar o uso doutros dorsais en probas con patrocinio específico. Non se dará saída sen dorsal. Abonarase unha cota se é preciso repoñelo. *Ver documento único COTAS e ACORDOS FEGADO para a TEMPADA 2026.*

Os/as non federados/as poderán participar sen dorsal.

3.2. As inscricións de participantes federados/as deberán ser efectuadas **antes do domingo**, ás 23:50 horas, da semana da proba. Máis tarde, o club organizador poderá non aceptalas ou consideralas «con recargo». Como norma xeral, no se admitirán solicitudes de franxa horaria de saída, excepción feita de casos moi xustificados ou de forza maior, sendo debidamente expostos de forma pública. *Ver Anexo 1.*

3.3. As persoas deportistas non federadas terán que inscribirse obrigatoriamente antes do domingo, ás 23:50 horas, da semana da proba. O club organizador xestionará a súa **licenza de proba**, que inclúe o seguro correspondente. *Ver Anexo 1.*

3.4. Facilitarase a inscrición por parte de tódolos clubs a aquelas persoas deportistas federadas de clubs non FEGADO (facendo constar en todo caso o seu club de pertenza ou o seu carácter independente), e ás persoas non federadas que se inicien na orientación.

3.5. A organización de cada proba, na medida do posible, facilitará antes do día da proba as horas de saída ós clubs, vía web FEGADO.

3.6. As persoas responsables da organización das inscricións de cada competición poderán esixir a presentación da licenza a tódolos/as deportistas co fin de confirmar a axeitada inscrición. En casos especiais, poderá dar fe da corrección dos datos o/a delegado/a do club, que terá que estar debidamente acreditado/a e identificado/a.

4. CATEGORÍAS (ver Anexo 1)

4.1. Para facilitar a organización das probas de Liga, así como a elaboración do *ranking*, as persoas participantes agruparanse en categorías.

4.2. A organización dunha proba pode preparar tantos percorridos como considere oportuno, tendo en conta as seguintes categorías:

OPEN-INICIACIÓN

PARALÍMPICA

OPEN-ÉLITE

4.2bis. Elaborarase un ranking oficial para cada categoría enriba citada, coa excepcións de OPEN-INICIACIÓN. As Xuízas/ os Xuíces de Cronometraxe utilizarán a denominación oficial das categorías que aparece reflectida no apartado 4.2, respectando estritamente o formato (guións e maiúsculas).

4.3. Unha persoa deportista federada poderá participar en calquera das categorías citadas no punto anterior.

4.4. As persoas deportistas non federados só poderán inscribirse na categoría de OPEN-INICIACIÓN.

5. ENTRENOS EN MAPAS DE COMPETICIÓN

(Sen contido)

6. RANKING INDIVIDUAL DA LIGA GALEGA 2026

6.1. Requisitos para que un deportista poda figurar no *ranking*:

- Pertencer a un club de orientación da FEGADO, con licenza por el.
- Participar en calquera categorías que non sexa á de OPEN-INICIACIÓN. *Ver Anexo 1.*
- Ter licenza federativa en vigor para a tempada 2026.

As puntuacións dunha persoa deportista empezarán a ser válidas para o *ranking* da Liga Galega a partir do momento en que cumpra os requisitos anteriores.

6.2. Probas puntuables

Para a activación da elaboración do ranking, serán necesario que se disputen un mínimo de dúas (2) probas. Neste caso as dúas probas sumarían os puntos para a elaboración do ranking, non sendo de aplicación a norma do 70 por cento do total de probas.

Para a tempada 2026 hai inicialmente un total de tres (3) probas que puntúa para o *ranking*. Cada participante sumará os puntos dos mellores resultados obtidos, tomando os correspondentes ó 70 por cen do total de probas, redondeando o decimal ó enteiro máis próximo.

Modelo-exemplo de aplicación, atendendo a unha posible modificación de datas DAMC (ver ANEXO 2b): para 10 probas puntúan 7 resultados; para 9 probas puntúan 6 resultados; para 8 probas puntúan 6 resultados; para 7 probas puntúan 5 resultados; para 6 probas puntúan 4 resultados; para 5 probas puntúan 4 resultados; para 4 probas puntúan 3 resultados e para 3 probas puntúan 2 resultados).

6.3. Sistema de puntuación:

Trátase dun sistema de puntos por posición acadada, segundo a seguinte relación:

1=100; 2=97; 3=95; 4=94; (a partir de aí, cada incremento de posto supón o decrecemento de 1 punto, isto é, 93, 92, 91 e así ata chegar a 10 puntos, puntuación que manterán o resto de participantes ata o final do listado de resultados)

- Os/as deportistas que foran sancionados polos/as xuíces/ xuízas incumprindo algunha norma aparecerán nos listados como “descualificados” (DESC)

- Os/as deportistas que non se presenten á proba aparecerán nos listados coma “non presentados/as” (NON SAE). Non recibirán puntuación
- Os/as participantes fóra de competición (NC) non obterán puntuación algunha para o ranking
- Só se pode puntuar nunha categoría, tanto para o ranking individual coma de clubs. Será a categoría da primeira proba na que participe. Serán anuladas nos dous tipos de ranking as puntuacións obtidas nas outras categorías en que puidesen ter participado
- Todo/a participante inscrito/a que tome a saída recibirá un mínimo de 10 puntos para o ranking da Liga Galega, excepto os/as descualificados/as que non recibirán puntos. Os participantes que rematen a proba fóra de control (FC) non se consideran descualificados e, por iso, recibirían esa puntuación mínima.

6.4. Probas anuladas

Unha proba ou categoría será anulada, unha vez celebrada, cando así o decida a Xuíza/ o Xuíz Controlador/a de dita proba.

Se unha proba ou categoría é anulada, unha vez que se celebrou, aplicarase ós afectados un factor de corrección. Este factor será igual á media de puntos, de ata os dous (2) mellores resultados obtidos ó longo das competicións que forman parte da Liga nas que teñan participado.

Na confección do *ranking* non se porá límite ó número de probas anuladas para as que se outorga un factor de corrección.

6.5. Persoas da organización, Xuízas/ Xuíces designados/as pola FEGADO, Cartógrafos/as e Trazadores/as

Aquelas persoas deportistas federadas membros da organización dunha proba que estiveran implicadas en tarefas que lles impidan tomar parte na competición, poderán obter unha puntuación coma /a nun máximo de dúas (2) probas, segundo a seguinte metodoloxía:

Aplicaráselle un factor de corrección, que consistirá en asignar como puntuación para a proba organizada, un total igual á **media das mellores puntuacións**.

Para a realización do factor de corrección das mellores puntuacións de cada organizador/a tomarase unha media do 30% do total de probas realizadas da Liga.

Logo deste enunciado pódense expor dous escenarios:

- a) *Se ten puntuado en solo o 30% ou menos das probas realizadas*, entón a media se calculará con todos os resultados das súas probas.
- b) *Se ten puntuado en máis do 30% das probas realizadas*, será a media das mellores. Para 11, 10 e 9 probas no calendario, a media tomase en base ás súas 3 mellores puntuacións, para 8, 7, 6 e 5 probas nos seus 2 mellores, e para 4, 3 e 2 probas solo en base a 1 proba.

Para a proba organizada aplicarase un mínimo de 50 puntos.

O número máximo de persoas deportistas que poden obter unha puntuación coma organizador/a (aparecerán como ORG no *ranking*) por proba será de 15. Tamén poderán beneficiarse desa puntuación, sen consumir esa cota de 15, as seguintes persoas externas á organización:

- Responsables da cartografía e/ou dos trazados (aparecerán como CT no ranking) que teñan restrinxida a súa participación no evento por non ter transcorrido un (1) ano dende a súa utilización.
- Xuízas/Xuíces Controladores/as e Xuízas/Xuíces de Cronometraxe designados pola FEGADO, (aparecerán como XC no *ranking*), ás/ós que tamén se lle aplicará o mesmo factor.

Todas estas persoas externas á organización poderán sumar ata tres probas con factor, das que dúas como máximo como organizador/a.

Nota aclaratoria: aquelas persoas externas á organización que non teñan sumado ao longo da tempada ningunha proba con factor como organizador/a, poderán aplicar dito factor CT ou XC en ata tres (3) probas.

Soamente poderán obter unha puntuación aquelas persoas deportistas declaradas con carácter previo no ANEXO II. FICHA ORGANIZACIÓN PROBA e que participen nun mínimo de unha (1) proba ao longo da tempada.

6.6. Persoas deportistas seleccionadas e aspirantes

Obterán privilexios en factores de puntuación equivalentes aos que obteñen os/as organizadores/as aquelas persoas deportistas federadas seleccionadas ou aspirantes que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Deportistas que non asistan a algunha proba de Liga Galega por estar representando á Selección Nacional nalgunha competición de ámbito nacional ou internacional. A convocatoria debe estar publicada na web oficial ou no seu defecto debe ser comunicada á FEGADO pola estrutura da Dirección Técnica da FEDO.
- b) Deportistas aspirantes a formar parte da Selección Nacional que non asistan a algunha proba de Liga Galega por estar participando en probas de selección puntuables ou concentracións oficiais. A convocatoria debe estar publicada na web oficial ou no seu defecto debe ser comunicada á FEGADO pola estrutura da Dirección Técnica da FEDO.
- c) Deportistas que non asistan a algunha proba de Liga Galega por estar representando á Selección Galega nalgunha competición de ámbito estatal.

Para obter unha puntuación coma seleccionado/a ou aspirante (aparecerá como SEL no *ranking*), será imprescindible ter participado nun mínimo do 50 % das probas de Liga Galega. No caso de número impar de probas, redondearase ao número enteiro inferior: 3 probas organizadas (asistencia mínima a 1 proba), 5 probas organizadas (asistencia mínima a 2 probas), etc. Non se establece ningún límite de número máximo de puntuacións con factor.

7. CLASIFICACIÓN INDIVIDUAL

7.1. Declararase gañador/a de cada categoría á persoa deportista que obteña a maior puntuación despois de sumar como máximo os seus mellores resultados nas probas en que teña participado, de acordo co disposto no punto 6.2.

7.2. En caso de empate seguiranse os seguintes **criterios de desempate**: situarase primeiro aquel/a participante que teña maior cantidade de primeiros postos, en caso de que o empate persista miraranse os segundos postos, e así sucesivamente, tendo en conta que nas probas organizadas se lles outorgará unha posición equivalente á mellor das que obtivera das distintas probas (por exemplo, se tivera unha primeira posición, a proba organizada valería como outra primeira posición). No caso de que continúe o empate, compararanse as clasificacións das probas en que tiveran coincidido e situarase primeiro o que resultou mellor clasificado/a máis veces (contabilizaranse tódalas probas disputadas, incluíndo as organizacións).

8. CLASIFICACIÓN DA LIGA DE CLUBS

8.1. Estableceranse unha única clasificación tendo en conta os resultados das categorías de Open-elite e Paralímpica.

8.2. Na clasificación de clubs, a puntuación total de cada club calcularase sumando a de tódalas probas que compoñen a Liga Galega **2026**. Nunha proba, cada club puntuará o total de sumar as 5 mellores puntuacións individuais obtidas polos seus orientadores e orientadoras (incluídas as de organización) en cada unha das categorías establecidas, tendo en conta o contemplado no apartado 6.

9. PUBLICACIÓN DE RESULTADOS

9.1. Durante a celebración da competición publicaranse os resultados parciais da proba mediante listados. Habilitarase, na medida do posible, o seguimento online a través de programas de xestión ou plataformas compatibles coa especialidade de Trail-O.

9.2. O Club organizador será responsable de enviar na maior brevidade posible unha copia das clasificacións da competición que organizara a tódolos clubs participantes, con inclusión dos parciais, vía web FEGADO.

9.3. A sección de *ranking* publicará en cada unha das probas as puntuacións obtidas polos deportistas ata a presente proba.

10. ENVÍO DE RESULTADOS Á SECCIÓN DE *RANKING*

10.1. A organización enviará os resultados á persoa responsable do *ranking* en formato dixital (csv) xunto a un backup do evento, vía correo-e, e na medida do posible no mesmo día da proba, unha vez redactado o acta pola Xuíza/ polo Xuíz Controlador/a.

10.2. Na clasificación figurarán claramente identificados/as nas súas respectivas categorías os/as participantes con licenza federativa de tempada (competidores/as NC e FC), os/as que teñen licenza de proba (iniciación), e os/as non presentados/as, os/as descualificados/as e os/as retirados/as.

10.3. Na clasificación incluíranse os seguintes datos dos e das participantes:

- (A) Categoría en que participou o/a participante. Incluírase a distancia, o desnivel e o número de controis do correspondente percorrido e/ou o número de controis cronometrados.
- (B) Número de orde na clasificación. Deben figurar só os/as participantes con licenza federativa.
- (C) Dorsal.
- (D) Os dous apelidos completos.
- (E) O nome.
- (F) O nome do club, ou siglas que o identifiquen.
- (G) Resultado do/da competidor/a: en Pre-O sería os puntos segundo o número de acertos e o tempo dos controis cronometrados (incluíndo penalizacións); en Temp-O sería a suma de tempo dos controis cronometrados.
- (H) O número da súa licenza deportiva federativa.
- (I) As observacións que se consideren oportunas.

10.4. Tamén incluírase unha relación dos/as membros da organización que obterán a puntuación de organizador/a segundo se especifica no artigo 6.5.

10.5. Os datos remitiranse á persoa responsable do *ranking* na conta de correo-e jarufe.geo@yahoo.com. O ranking estará actualizado na web da FEGADO (www.fegado.es).

11. XURADO TÉCNICO

(Sen contido)

12. SUSPENSIÓN DE PROBAS

12.1. A Xuíza/ o Xuíz Controlador/a dispón de total autoridade para suspender total ou parcialmente a realización dunha proba antes de celebrarse ou nos días anteriores á mesma, sempre que concorran circunstancias que poidan poñer en perigo a axeitada celebración da mesma ou a seguridade dos competidores/as, organizadores/as, Xuízas/ Xuíces e espectadores.

O ideal é que unha Organización actúe de xeito responsable e comunique á Xuíza/ o Xuíz Controlador/a a solicitude de suspensión. De non ser así, a Xuíza/ o Xuíz Controlador/a, tras consultar coa organización e coa FEGADO, poderá decretar a suspensión total ou parcial da proba por '*motu proprio*'.

12.2. (Sen contido)

12.3. No caso de decretarse a suspensión da proba, a organización porase inmediatamente en contacto cos clubs, quen serán os únicos responsables de difundir a noticia entre os seus deportistas. A organización propondrá outra data para a celebración da proba, que terá que ser aprobada polo órgano competente da FEGADO.

12.4. No suposto de suspensión o mesmo día de celebrarse a proba, antes de reunirse os/as participantes na zona de competición procederase coa maior celeridade posible, por parte da organización, da Xuíza/ do Xuíz Controlador/a e dos clubs, para evitar ás persoas deportistas desprazamentos innecesarios. Se chegan a reunirse os participantes na zona de competición explicaranse as causas de dita suspensión. Neste caso, os/as participantes poderán solicitar a devolución das cotas efectivamente abonadas, sempre e cando a causa sexa exclusivamente da organización, aspecto sobre o que decidirá a Xuíza/ o Xuíz Controlador/a.

12.5. No caso de que non chegue a celebrarse a proba suspendida noutra data posterior, os/as inscritos/as terán dereito a que se lles aplique un factor de corrección pola proba suspendida e non celebrada, consonte o disposto na norma 6.4.

13. RECLAMACIÓNS

(Sen contido)

14. DISPOSICIÓN FINAL

(Sen contido)

ANEXO 1. CATEGORÍAS E COTAS E ACORDOS VIXENTES TEMPADA 2026

Categorías non oficiais:

- OPEN-INICIACIÓN. Sen límite de idade. Calquera sexo. Federados/as ou non federados/as.

Categorías oficiais:

- OPEN-ÉLITE. Sen límite de idade. Calquera sexo. Só persoas federadas.
- PARALÍMPICO. Sen límite de idade. Calquera sexo. Só persoas federadas.

Cotas de inscrición en probas da Liga Galega

Publicadas no documento único COTAS e ACORDOS FEGADO para a TEMPADA 2026.

Acordos vixentes de tempada

Publicados no documento único COTAS e ACORDOS FEGADO para a TEMPADA 2026.

ANEXO 2a. CALENDARIO da V LIGA GALLEGA TRAIL-O

NÚM.	DATA	ORGANIZADOR	LUGAR	TIPO	OBSERVACIÓNS
1	28/2	Compas	Abadin	Pre-o	
2	30/5	Artabros/Gallaecia/Liceo	Oleiros	Pre-o	
3	27/6	Aromon	O Grove	Pre-o	C G

ANEXO 2b. DATAS AUTORIZADAS PARA MODIFICACIÓNS DO CALENDARIO (DAMC) por delegación da Asemblea Xeral de 13 de decembro de 2025.

Sábado 7 febreiro 2026 | Sábado 21 marzo 2026 | Sábado 25 abril 2026 | Sábado 23 maio 2026 | Sábado 13 xuño 2026
| Sábado 4 xullo 2026 | Sábado 22 agosto 2026 | Sábado 24 outubro 2026 | Sábado 14 novembro 2026.

ANEXO 3. MARCO NORMATIVO SOBRE AUTORIZACIONES

Siempre sobre la base de que el organizador debe contar con el permiso/autorización del titular o dueño, público o privado, del lugar o lugares de desarrollo de cualquiera de nuestras competiciones de orientación, cabría distinguir fundamentalmente las siguientes hipótesis, en relación con espacios sujetos a legislación especial:

I. SI LA PRUEBA EXIGE «COMPETIR EN ESPACIO O TIEMPO» POR «VÍAS Y TERRENOS PÚBLICOS APTOS PARA LA CIRCULACIÓN», SUJETOS A LA «LEGISLACIÓN SOBRE TRÁFICO», ENTONCES PUEDE SUCEDER:

a) Que la prueba se celebre íntegramente en casco urbano, en cuyo caso:

- Hay que recabar la autorización del Ayuntamiento en cuestión, solicitada con 30 días de antelación, de acuerdo con lo que dispone el Anexo II del Reglamento General de Circulación, aprobado por Decreto 1428/2003, de 21 noviembre.
- La solicitud debe acompañarse del «permiso de organización expedido por la federación» y de una «memoria de la prueba».
- A su vez, esta «memoria de la prueba» debe incluir el contenido a que se refiere el propio Anexo II [más en concreto, su artículo 2, apartado 3, apartado b)].

b) Que la prueba se celebre fuera de casco urbano, utilizando vías y terrenos públicos aptos para la circulación, o que se desarrolle en más de un término municipal, íntegramente situados dentro de nuestra comunidad autónoma, en cuyo caso:

- Hay que recabar la autorización de la Administración autonómica, solicitada con 30 días de antelación, de acuerdo con lo que dispone el Anexo II del Reglamento General de Circulación, aprobado por Decreto 1428/2003, de 21 noviembre y siguiendo las disposiciones del Decreto 98/2020 del 2 de julio, por el que se regula el procedimiento de autorización de celebración de espectáculos públicos y actividades recreativas que se desarrollen en más de un término municipal de la Comunidad Autónoma de Galicia.

Decreto 98/2020 [\[consultar\]](#)

Formulario de solicitud [\[descargar\]](#)

- Como en el caso de la letra a), la solicitud debe acompañarse del «permiso de organización expedido por la federación» y de una «memoria de la prueba».
- Igualmente, esta «memoria de la prueba» debe incluir el contenido a que se refiere el propio Anexo II [más en concreto, su artículo 2, apartado 3, apartado b)].

II. SI LA PRUEBA EXIGE COMPETIR, TOTAL O PARCIALMENTE, EN «ZONAS DE ESPECIAL CONSERVACIÓN», TAL COMO DELIMITADAS EN EL DECRETO AUTÓNOMICO DE GALICIA 37/2014, DE 27 MARZO, ENTONCES:

- Además de lo indicado en el apartado I, debe recabarse la autorización del órgano competente en materia de conservación de la naturaleza.
- Las «zonas de especial conservación» aparecen delimitadas en el Anexo I del citado Decreto 37/2014.
- La autorización aparece exigida por el artículo 61 (en conexión con el artículo 26) del Anexo II del propio Decreto 37/2014, y más en concreto la letra f) de su apartado 3, teniendo en cuenta que la Administración autonómica dispone de un plazo máximo de tres meses para resolver.

III. SI LA PRUEBA EXIGE COMPETIR, TOTAL O PARCIALMENTE, EN MONTES O TERRENOS FORESTALES (TAL COMO DEFINIDOS EN LA LEY AUTONÓMICA 7/2012, DE 28 JUNIO, DE MONTES DE GALICIA, además del impacto que pueda tener la LEY AUTONÓMICA 10/2023, DE 28 DE DICIEMBRE DE MEDIDAS FISCALES Y ADMINISTRATIVAS SOBRE DICHA LEY 7/2012), ENTONCES:

a) Sobre la base del concepto de «monte o terreno forestal» (contenido en el artículo 2 de la Ley 7/2012), debe recabarse «la autorización de la Administración forestal», teniendo en cuenta que previamente habrá que contar con la «autorización expresa del titular» (artículo 88, apartado 2, párrafo primero, de la Ley).

b) La solicitud de la autorización administrativa está sujeta a plazo, pues debe presentar con un anticipo «mínimo de tres meses» a la celebración de la prueba (artículo 88, apartado 2, párrafo segundo, de la Ley).

c) Deben tenerse en cuenta, además, las previsiones contra incendios, contenidas en la Ley autonómica 3/2007, de 9 abril, de prevención y defensa contra los incendios forestales, y más en concreto, las de sus artículos 31 y 32 [en especial, su apartado 1, letra i)], a cuyo tenor:

- Tanto en «época de peligro alto de incendios forestales», como «fuera de la época de peligro alto», si el «riesgo diario de incendio forestal es muy alto o extremo» (según el «Índice de Riesgo Diario de Incendio», en http://mediorural.xunta.gal/nc/areas/forestal/incendios_forestais/irdi/), es necesario autorización expresa de la propia Administración forestal.
- Tal autorización se suma a la referida en la letra b), inmediatamente anterior.
- En cuanto al plazo para recabar la autorización, dado que la clave es el «IRDI» (de carácter «diario»), no queda más remedio que estar permanentemente alerta.

IV. SI LA PRUEBA EXIGE LA NAVEGACIÓN EN «AGUAS MARÍTIMAS» (Y EN AGUAS DE PUERTOS), ENTONCES:

a) Ante todo, hay que estar a la definición legal de «aguas marítimas» (contenida en el Reglamento de las condiciones de seguridad marítima, de la navegación y de la vida humana en la mar aplicables a las concentraciones náuticas de carácter conmemorativo y pruebas náutico-deportivas, aprobado por Real Decreto 62/2008, de 25 enero), teniendo en cuenta que dicha definición incluye:

- «las aguas de las desembocaduras de los ríos».
- las aguas de los ríos «hasta donde se hagan sensibles los efectos de las mareas».
- «los tramos navegables de los ríos hasta donde existan puertos de interés general»

b) En relación con las pruebas desarrolladas, total o parcialmente, en tales «aguas marítimas», debe practicarse solicitud de autorización ante la capitanía marítima competente, al menos con treinta días de antelación, cumpliendo los requisitos a que se refiere el artículo 11 del citado Real Decreto 62/2008.

c) Esta autorización no exime de la obtención de otras posibles autorizaciones necesarias, pues el propio Real Decreto 62/2008 (ahora, su artículo 7, apartado 6) obliga a «solicitar y obtener las autorizaciones adicionales de otras instituciones o de las administraciones públicas que fueran precisas para la celebración del evento».

d) A tal efecto, el artículo 15 del mismo Real Decreto 62/2008 alude expresamente a un caso de autorización adicional, que es la que debe recabarse de la «autoridad portuaria competente» (cuando «la prueba se ha de celebrar en aguas de la zona de servicio de un puerto»), teniendo en cuenta que esta autorización es previa a la de la capitanía marítima (pues «la entidad organizadora adjuntará a su solicitud ante la capitanía marítima la autorización [de la autoridad portuaria]»), lo que obliga a manejar con prudencia los plazos, pues la autoridad portuaria tiene dispone de hasta tres meses para pronunciarse sobre la solicitud.

e) Lógicamente, habrá que recabarse también —en su caso— la autorización a que se refiere el apartado siguiente.

V. SI LA PRUEBA EXIGE LA UTILIZACIÓN DEL DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO (SEÑALADAMENTE, NAVEGACIÓN FLUVIAL, EN EMBALSES O PANTANOS), ENTONCES:

a) Debe recabarse el visto bueno del organismo competente en la materia de dominio público hidráulico, que puede ser alguno de los dos siguientes, en función del lugar de que se trate.

b) De un lado, la Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa (<http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>), en cuyo caso bastará en principio con presentar una declaración responsable de la competición que se pretende llevar a cabo, con quince días de antelación, ante la entidad pública Augas de Galicia, teniendo en cuenta que ésta pone un modelo de declaración responsable a disposición del interesado [\[descargar modelo Declaración Responsable\]](#).

— Según el artículo 85, letra i), de la Ley autonómica 9/2010, de 4 noviembre, de aguas de Galicia, constituye infracción leve de la misma (sancionable con multa, en principio, de hasta 5.000,00 €) «la no presentación de declaración responsable para la navegación en aguas de competencia de la Administración hidráulica de Galicia».

c) De otro lado, la Confederación Hidrográfica Miño-Sil (<https://www.chminosil.es/es/>), ante quien debe practicarse la correspondiente declaración responsable, de conformidad con el artículo 51 del texto refundido de la Ley de aguas, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/2001, de 20 julio

— El organismo rector pone los impresos correspondientes a disposición del interesado (<https://www.chminosil.es/images/impresos/Declaracion-responsable-MinoSil-2018.pdf>).

ANEXO 4. MODELO SOLICITUD CERTIFICACIÓN FEDERATIVA

Alberto Arufe Varela, en representación del Club de Orientación Liceo de A Coruña,

EXPONE:

- 1.-Que el citado club solicitó la inclusión en el calendario oficial de la Federación Gallega de Orientación de una prueba organizada por el mismo, para formar parte de la XXVIII Liga Gallega de Orientación a Pie 2019.
- 2.-Que la Federación Gallega de Orientación, en la reunión de su Asamblea General de 22 diciembre 2019, aprobó la inclusión de dicha prueba en su calendario oficial, y la adjudicación de la coorganización al club solicitante de dicha prueba, a celebrarse en lugar y día indicados a continuación.
- 3.-Que la prueba en cuestión tendrá lugar en el área cartografiada del Barrio de las Flores de A Coruña, en la mañana del día 16 febrero, en horario aproximado de 10:00 a 14:00 horas, con la denominación V Memorial Pachi Arufe.

DECLARA:

- 1.-Que el club organizador ajusta la prueba a la reglamentación deportiva vigente en el seno de la Federación Gallega de Orientación.
- 2.-Que el club organizador conoce sus obligaciones relativas a las autorizaciones sobre dominio privado, así como las concernientes a las autorizaciones administrativas pertinentes, en especial las derivadas (en lo que resulte aplicable) de la legislación vigente sobre tráfico, sobre zonas de especial conservación, sobre montes o terrenos forestales, sobre pruebas náutico-deportivas en aguas marítimas y sobre dominio público hidráulico.
- 3.-Que el club organizador conoce que forma parte de sus obligaciones realizar todos los trámites conducentes a la obtención de las autorizaciones en cuestión, para asegurarse de que la competición se pueda celebrar con garantías, con la cobertura federativa, informando puntualmente al respecto a la Federación.

SOLICITA:

Que se expida certificación federativa de adjudicación de organización de prueba oficial, en relación con la arriba identificada, haciendo constar que la misma se encuentra incluida en el calendario oficial de la Federación, en especial a los efectos de continuar la tramitación de otras autorizaciones pertinentes, de conformidad con la legislación vigente.

A Coruña, a 30 de noviembre de 2018 Fdo.: Alberto Arufe Varela